

C.P.I. O CRUCE (CERCEDA, A CORUÑA)  
**CURSO 2020-2021**

**PROGRAMACIÓN E.P.V.A.  
(EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E  
AUDIOVISUAL)**

1º E.S.O. (INGLÉS)

3º E.S.O. (GALEGO / BILINGÜE)

4º E.S.O. (GALEGO)

**HORARIO**

	L	MA	ME	X	V
11.10-11.30				GR	
11.30-12.20		3B	G	TP2B	G
12.20-13.10	XD	G	PAIS	3A	4
13.10-13.30	GR		GR		GR
13.30-14.20	1A	3A	4	3B	PI1A
14.20-15.10	4	TP2A	1B	PI1B	TIT1A
16.00-10.50		1A			
16.50-17.40		1B			

PI (Proxecto Interdisciplinar) e TP (Traballos por Porxectos) impartidos polo Departamento de Debuxo

DEPARTAMENTO DE DEBUXO	Mª DEL PILAR TABARÉS DOMÍNGUEZ
------------------------	-----------------------------------

## ÍNDICE

---

1. ASPECTOS XERAIS -----	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS -----	4
3. CONTEXTO -----	6
4. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19 (DOG 174 bis do 28/08/2020) ----	8
4. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN (ANEXO I) -----	9
5. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS (ANEXO I) -----	9
6. METODOLOXÍA -----	10
7. AVALIACIÓN -----	13
8. OUTRAS AVALIACIÓN S -----	17
9. ATENCIÓN A DIVERSIDADE -----	20
10. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS -----	22
11. DATOS DEPARTAMENTO -----	22
12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN (Res. 27/7/2015 - DOG 29) -----	23

<b>ANEXO I: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS -----</b>	<b>24</b>
--	-----------

<b>ÍNDICE (continuación) -----</b>	<b>25</b>
13. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 1ºESO -----	26
14. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 1ºESO -----	29
15. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 1ºESO -----	31
16. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 1ºESO -----	32
17. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 3ºESO -----	34
18. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 3ºESO -----	37
19. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 3ºESO -----	39
20. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 3ºESO -----	40
21. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 4ºESO -----	41
22. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 4ºESO -----	44
23. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 4ºESO -----	45
24. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 4ºESO -----	46
25. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS IV - 4ºESO -----	47

<b>ANEXO II: ADAPTACIÓN COVID-19: CONTIDOS MÍNIMOS -----</b>	<b>48</b>
--	-----------

## 1. ASPECTOS XERAIS

---

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística". Nos primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madurez do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

---

### **CCL Comunicación Lingüística**

A educación plástica enriquece a **capacidade comunicativa** dado que, como toda forma de comunicación, posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións integrando a linguaxe plástica co resto das linguaxes verbais e non verbais. Esta competencia será potenciada na área de Plástica.

### **CMCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Esta área contribúe á adquisición da **competencia matemática** desenvolvendo a linguaxe simbólica e profundando no coñecemento de aspectos espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas, básicas para as matemáticas, as ciencias e a tecnoloxía. Esta competencia será potenciada na área de Plástica.

### **CD Competencia dixital**

A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos ao contorno audiovisual e multimedia, expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da competencia no tratamento da información e, en particular, a que achega ó mundo das imaxes. Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón un recurso válido para a produción de creacións visuais, senón que colabora na adquisición da competencia dixital.

As ferramentas dixitais son na actualidade fundamentais no tratamento das imaxes por medio de programas e aplicacións gráficas

### **CAA Aprender a aprender**

A reflexión sobre os procesos e experimentación creativa contribúe a favorecer a **competencia de aprender a aprender** que implica a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

### **CSC Competencias sociais e cívicas**

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento das **competencias sociais e cívicas** na medida en que apreciar o feito artístico supón manter unha actitude de respecto e preservación cara o patrimonio cultural da sociedade como expresión cívica e de identidade. A creación artística moitas veces supón un traballo en equipo e como tal

promove as actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade e contribúe á adquisición de habilidades sociais.

### **CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A educación plástica colabora na adquisición de **iniciativa persoal e ánimo de emprendemento** dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto. Incide estreitamente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa ó alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

### **CCEC Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica, estando presente ao longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, observar e interpretar as imaxes que percibe e, desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo. Contribúese tamén a acadar esta competencia cando se experimenta e investiga con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da elaboración de imaxes.

### 3. CONTEXTO

---

O CPI O Cruce é un centro integrado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (cun total de 377 alumno/as) situado en Cerceda, na comarca de Ordes (A Coruña), unha localidade de 5000 habitantes de carácter semirrural a 25kms da cidade de Coruña. É un centro moi dinámico, implicado en multitude de proxectos educativos para todos os niveis: Edixgal, Bibliotecas Escolares, proxectos STEM con Erasmus+ (o último para o curso 2018-2019 "Ocean Connections: Developing Ocean Literacy through Creative, Digital Pedagogies") e Comenius, de intercambio europeo, entre outros. É un centro que aposta activamente polo uso de pedagogías creativas para todos os niveis e todas as materias, así como pola educación interdisciplinar e global que achegue os pequenos ao mundo dun xeito aberto, creativo e comprensivo.

A zona onde se atopa o centro é unha zona non deprimida, cunha economía baseada na agricultura, a gandería, a Central Térmica, Incineradora, Polígono Industrial e traballos creados polo Concello. A vila ten un par de museos (O Museo do Moucho e o Ecomuseo), e está rodeada de espazos naturais.

É unha zona galego-falante, e a lingua de relación de case todo o alumnado é o galego.

Neste curso académico 2020-2021 hai matriculados 30 alumnos en 1ESO coa materia de EPVA organizados en dous grupos: 1ESO A con 15 alumnos, e 1ESO B con outros 15 alumnos. A materia para este curso está incluída no programa de Plurilingüismo, polo que será impartida en inglés, e haberá unha auxiliar de conversa (AC) 1 hora semanal. Se incorporan ao centro 4 alumnos provenientes do CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro de A Silva, que son asignados a 1ESO B, e unha alumna repetidora que ven doutra comunidade autónoma que estará en 1ESO A. Neste grupo de 1ESO A hai dous alumnos con necesidades educativas especiais que terán ACI en distintas materias e serán atendidos pola terapeuta do centro. Non se require adaptación na materia de EPVA, xa que se partirá do nivel que teñan e se valorará a súa capacidade e o esforzo que apliquen para a consecución dos obxectivos dentro das súas posibilidades, e a súa evolución de xeito individual para a súa avaliación. En 1ESO B hai unha alumna con altas capacidades; non ten adaptacións en ningunha materia pero dados todos os proxectos educativos nos que participa o centro se lle dirixirá para que se involucre nos que máis se adapten ás súas necesidades.

En 3ESO hai un total de 26 alumnos distribuídos en dous grupos: A e B. O grupo de 3ESO A, con 12 alumnos, está dentro da Sección Bilingüe, mentres que 3ESO B ten 14 alumnos aos que se lles impartirá as clases de Plástica en galego. Hai un alumno con TDHA, o que será tido en conta á hora de facer o seguimento da súa evolución e avalialo, aínda que non require dunha adaptación curricular concreta.

En 4ESO hai 9 alumnos matriculados en Plástica. 3 alumnas veñen de 4ESO A, e os outros 6 alumnos veñen de 4ESO B.

En ningún dos cursos hai alumnado coa materia pendente.

Coa situación de pandemia orixinada pola COVID-19 dende marzo de 2020 o novo curso académico presenta novos retos a nivel organizativo e pedagóxico que serán afrontados coa máxima implicación por parte de toda a comunidade educativa, garantindo a seguridade de todos os seus membros. A aprendizaxe presencial, que é o medio que mellor permite a socialización e o desenvolvemento persoal dos rapaces e rapazas, será a tónica xeral sempre que a evolución da pandemia o permita, e sempre cumprindo escrupulosamente cos medidas hixiénico-sanitarias de prevención e seguridade indicadas polas autoridades pertinentes. Afrontaranse os posibles escenarios que se atopen con repostas planificadas para eventuais situacións de confinamentos individuais, parciais ou totais. Así, darase resposta a posibles situacións orixinadas pola incidencia da COVID-19 na comunidade educativa cunha programación flexible, adaptada á circunstancia e presentando solucións que revertan os efectos da brecha dixital que pode presentarse entre o alumnado, garantindo, en calquera caso, que todo o alumnado acade a lo menos os mínimos esixibles para cada nivel.

#### 4. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

---

Atendendo a resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG N°174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 se terán en conta as medidas relativas a centros educativos declaradas como actuacións coordinadas en saúde pública, de acordo co establecido no artigo 65 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e recollidas na Orde comunicada do ministro de Sanidade, do 27 de agosto de 2020, para que o curso discorra coa maior normalidade posible e prevendo un posible confinamento ou corentenas parciais de alumnado ou profesorado.



## **5. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

---

1ºESO – ANEXO I, PÁXINA 25

3º ESO – ANEXO I, PÁXINA 33

4º ESO – ANEXO I, PÁXINA 40

## **6. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS**

---

1ºESO – ANEXO I, PÁXINAS 28, 30, 31

3º ESO – ANEXO I, PÁXINAS 36, 38, 39

4º ESO – ANEXO I, PÁXINAS 43, 44, 45, 46

## **7. METODOLOXÍA**

### **7.1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

#### **A. ASPECTOS XERAIS**

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas
  - \* Combinar traballo individual e cooperativo
  - \* Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso das TIC
- Papel facilitador do profesor/a

#### **B. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

#### **C. SECUENCIA HABITUAL DE TRABALLO NA AULA**

- Motivación:
  - \* Presentación teórica de cada tema, determinación clara dos obxectivos que se perseguen.
- Información do profesor/a:
  - \* Información básica para todo o alumnado
  - \* Información complementaria para reforzo e apoio
  - \* Información complementaria para afondamento e ampliación
  - \* Potenciar a capacidade dedutiva mediante exercicios de dificultade crecente que traballen a aprendizaxe significativa.

- Traballo persoal

- \* Realización práctica de exercicios e láminas.
- \* Realización individual ou cooperativa de Proxectos (traballo por proxectos)
- \* Emprego das TIC (traballo na aula de informática e acceso e recursos virtuais para coñecemento e utilización de programas de debuxo técnico e deseño por ordenador a nivel básico).
- \* Presentación oral de traballos relacionados coa arte e o deseño (traballos para fomentar a aprendizaxe cooperativa e favorecer a oralidade)
- \* Utilización de vocabulario técnico específico.
- \* Coñecer as distintas posibilidades dos diferentes instrumentos e materiais de debuxo, pintura e deseño. e traballar con precisión á hora de manexalos.
- \* Etc.

## **D. SITUACIÓN DE SEMIPRESENCIALIDADE E EDUCACIÓN A DISTANCIA**

Dende o comezo do curso se farán as presentacións dos temas nas plataformas dixitais habilitadas polo centro e as autoridades educativas, fomentando a súa utilización para a presentación de traballos e proxectos e o desenvolvemento normal do curso, de xeito que todo o alumnado se familiarice co uso das mesmas.

No caso de que parte do alumnado teña que facer corentena se fará un seguimento persoal do desenvolvemento das actividades, de xeito que dito alumno ou alumnos manteñan o máis posible a evolución do grupo que traballa de xeito presencial na aula.

En caso de que todo un grupo, ou todo un nivel, se vexa obrigado a gardar corentena farase un seguimento dixital sobre os temas a tratar a través das plataformas indicadas, do mesmo modo que se fixo durante o confinamento no terceiro trimestre do curso pasado, facendo un seguimento o máis exhaustivo posible da programación presentada, pero tendo en conta a nova circunstancia e facendo fincapé e valorando fundamentalmente os contidos mínimos sobre cada bloque a tratar, procurando ter sempre en conta as circunstancias do alumnado a nivel persoal, económico familiar e de accesibilidade ás tecnoloxías.

## **7.2. OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS**

### **A. AGRUPAMENTOS**

Será o oportuno levar a cabo distintos tipos de agrupamentos segundo o tipo de actividade a desenvolver: individuais, en parellas, en pequenos grupos ou todo o grupo. Neste curso académico 2020-2021 as actividades de grupo deberán

planificarse tendo en conta escrupulosamente as medidas de seguridade hixiénico-sanitarias, especialmente o distanciamento entre alumnado, no caso de que sexan presenciais. No caso de que se programen actividades en situación de confinamento dalgún membro dun grupo, ou dun grupo enteiro, as actividades serán adaptadas a cada situación.

## **B. TEMPOS**

1ESO: dúas sesións semanais de 50 minutos.

3ESO: dúas sesións semanais de 50 minutos.

4ESO: tres sesións semanais de 50 minutos.

## **C. ESPAZOS**

Aula de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Aulas de Informática cando sexa preciso.

## **D. MATERIAIS**

- Lapis HB, goma de borrar e afialapis. Tesoiras e pegamento. Láminas.
- Regra graduada, escuadra e cartabón e compás.
- Material de pintura e debuxo (lapis de cores, témperas, pinceis...)
- Cámara fotográfica (móbil)
- Carbón de debuxo
- Proxector da aula de Plástica
- Ordenador do aula de Plástica

## **E. RECURSOS DIDÁCTICOS**

Facilitaráselle ao alumnado presentacións e apuntes con explicacións sobre a materia, podendo recurrir a distintos soportes audiovisuais como documentais, películas...

## 8. AVALIACIÓN (inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes.)

### 8.1. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

#### A. EN QUÉ DATA SE REALIZARÁ?

Nas primeiras semana de clase.

**B. EN QUÉ CONSISTIRÁ?** (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de gráficas, etc. relacionados cos estándares?)

Práctica inicial con preguntas e exercicios referidos a temas de Educación Plástica que se dan nos cursos anteriores co obxecto de coñecer o punto de partida no que nos atopamos.

#### C. CÓMO SE INFORMARÁ Á FAMILIA?

Unha vez corrixida a práctica, comentaremos co alumnado os resultados. Será o alumnado quen de forma xeral transmita os resultados das prácticas ás respectivas familias.

#### D. CALES SERÁN AS CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS?

Coñecer e adaptarnos ao nivel no que se atope o alumnado. De detectarse dificultades especiais en certos alumnos, estas serán comunicadas ás persoas oportunas (titores, familias, departamento de orientación, etc.)

### 8.2. ACREDITACIÓN DE COÑECIMENTOS PREVIOS [Se procede]

Non hai alumnos coa materia pendente

#### A. QUÉ PROCEDEMENTO SE SEGUIRÁ?

a) Matrícula como pendente

b) Proba: De optar pola PROBA, Que tipo de proba? Como se avaliará?

### 8.3. PROCEDEMENTO AVALIACIÓN CONTINUA

**A. CON QUE TEMPORALIZACIÓN SE FARÁN PROBAS ESCRITAS OU SE RECOLLERÁN OS TRABALLOS PRÁCTICOS** (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Segundo o exposto no apartado 3 desta programación referente á secuenciación e temporalización de contidos. De non ser posible levar a cabo isto por motivos xustificadas, realizarase polo menos unha proba ou recollida de traballos prácticos por cada bloque.

No caso de que algún alumno, ou un grupo ou nivel completo, se vexa obrigado a traballar na casa por mor do COVID-19, as probas de presentación de traballos se fará de xeito telemático, respectando os prazos e datas que se indiquen para cada caso. Neste caso de posible confinamento os contidos esixidos serán os mínimos en cada bloque, valorándose o esforzo que supón adaptarse a este tipo de situación.

#### **B. COMO SE CUALIFICAN AS PROBAS, TRABALLOS INDIVIDUAIS OU COLECTIVOS, TRABALLO NA LIBRETA, OBSERVACIÓN. PONDERACIÓN, REDONDEO..**

Ver os apartados 4, 5, 6 e 7 desta programación que fai referencia á avaliación de criterios e estándares. Con respecto á avaliación dos produtos (láminas/traballos), estes deben ser entregados en tempo e forma. De non ser entregados en tempo, penalizarase rebaixando un 10% á nota de cada lámina/traballo por semana de retraso na súa entrega.

Redondearemos a nota cortándoa polo número da parte enteira, sumándolle 1 no caso de que a primeira cifra do número decimal sexa maior ou igual a 5.

#### **C. CÓMO SE FAI A MEDIA DE CADA UNHA DAS AVALIACIÓNS. PONDERACIÓN, REDONDEO..**

Ver os apartados 4, 5, 6 e 7 desta programación. En canto ao redondeo seguiranse os mesmos criterios que no apartado anterior.

#### **D. QUÉ ASPECTOS SE VAN A VALORAR DENTRO DA OBSERVACIÓN DO TRABALLO NA AULA?**

Se valorará positivamente que o alumno amose interese pola materia, que participe activamente na clase e que entregue os traballos en tempo e forma. Isto será aplicado igualmente no caso de que o alumno estea en corentena.

#### **E. CÓMO SE RECUPERA UNHA PROBA NON SUPERADA?**

Mediante a repetición da proba.

#### **F. CÓMO SE RECUPERA UNHA AVALIACIÓN NON SUPERADA?**

A través da entrega de todas as láminas e traballos no caso de non telos feitos e a través da repetición das probas, volvendo facer a media coas probas feitas e os traballos presentados.

## **8.4. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL**

### **A. QUEN DEBE IR Á AVALIACIÓN FINAL**

Quen non alcance un mínimo de 5 puntos na materia ou non alcance o mínimo esixido en cada un dos bloques segundo o exposto no apartado 4 desta programación.

### **B. EN QUE CONSISTIRÁ A PROBA?**

Será unha proba onde se combine a teoría coa práctica.

### **C. QUE ESTÁNDARES SE VAN AVALIAR?**

No caso de non ter superada ningunha das avaliacións, na proba avalíaranse o maior número de estándares posibles que se poidan avaliar nunha proba de 50 minutos de duración e na que se comprobe que o alumno domina a materia. No caso de ter partes da materia superadas, na proba práctica avalíarase o maior número de estándares posibles que o alumno non tivese acadado.

### **D. COMO SE ELABORA A CUALIFICACIÓN FINAL? (ponderación, redondeos, etc)**

A cualificación final terá en conta todos os estándares traballados e avaliados no curso coa ponderación reflectida nos apartados 4, 5, 6 e 7 desta programación, procurando reflectir a media das tres avaliacións en que está dividido o curso.

### **E. QUE CRITERIOS SEGUE O CENTRO PARA A PROMOCIÓN?**

A promoción consensuarase por todo o profesorado presente na sesión de avaliación e seguindo os criterios oportunos.

## **8.5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

### **A. QUE TIPO DE PROBA SE VAI APLICAR? (número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.)**

Proba práctica e/ou teórica con polo menos catro exercicios referidos aos catro bloques que conforman esta materia valorándoos segundo o peso de cada bloque exposto nos apartados 4, 5, 6 e 7 desta programación.

### **B. COMO SE CUALIFICA? (redondeos, etc.)**

Redondearemos a nota cortándoa polo número da parte enteira, sumándolle 1 no caso de que a primeira cifra do número decimal sexa maior ou igual a 5.

## **8.6. PROCEDIMIENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓNS PENDENTES**

**A. COMO SE FARÁ O SEGUIMIENTO?** (clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc.)

A través de reunións de seguimento co alumnado afectado e aportándolles traballos ou láminas para estudo ou repaso da materia.

**B. COMO SE AVALÍA?** (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

A través de avaliacións parciais e de non ter superado esas avaliacións farase unha avaliación final.

**C. COMO SE ELABORA A CUALIFICACIÓN FINAL?** (ponderación, redondeos, etc.)

Redondearemos a nota cortándoa polo número da parte enteira, sumándolle 1 no caso de que a primeira cifra do número decimal sexa maior ou igual a 5.

**D. QUE TIPO DE PROBA EXTRAORDINRIA SE VAI APLICAR?** (número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.)

Proba práctica e/ou teórica con polo menos catro exercicios referidos aos catro bloques que conforman esta materia valorándoos segundo o peso de cada bloque exposto nos apartados 4, 5, 6 e 7 desta programación.

**E. COMO SE CUALIFICA?** (redondeos, etc.)

Redondearemos a nota cortándoa polo número da parte enteira, sumándolle 1 no caso de que a primeira cifra do número decimal sexa maior ou igual a 5.



## 9. OUTRAS AVALIACIÓNS

### 9.1. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES DE LOGRO		ESCALA			
PROCESO DE ENSINO		1	2	3	4
1	O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2	Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3	Conseguíuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4	Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?				
5	Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6	Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7	Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8	Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9	Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10	Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11	Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12	Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

INDICADORES DE LOGRO		ESCALA			
PRÁCTICA DOCENTE		1	2	3	4
1	Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2	Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3	Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4	Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5	Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6	Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7	Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8	Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas /exames, etc?				
9	Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10	Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus				

	fallos?				
11	Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12	Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13	As medidas de apoio, reforzo, etc., establécense vinculadas aos estándares?				
14	Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,..?				

## 9.2. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

### A. MECANISMO REVISIÓN

- Con que periodicidade se revisará?

Sempre que sexa necesario e como mínimo cada ano.

- Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

As que se consideren oportunas dependendo do tipo de desfase.

### B. MECANISMO AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INDICADORES DE LOGRO		ESCALA			
PRÁCTICA DOCENTE		1	2	3	4
1	Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2	Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3	O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4	Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5	Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6	Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7	Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8	Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9	Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10	Asociáronse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11	Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12	Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13	Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14	O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				

15	Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16	Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17	Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18	Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames,...?				
19	Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
20	Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21	Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22	Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23	Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24	Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25	Definíronse programas de apoio, recuperación,... vinculados aos estándares?				
26	Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27	Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28	Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29	Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Arto 21o, 5 do D.86/15)				
30	Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso.				
31	Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32	Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

**Observacións:**

## 10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso non se estimas necesarias.

### 10.1. MEDIDAS ORDINARIAS

#### A. ORGANIZATIVAS

Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo na materia de EPVA?

##### a) Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos?

Non se consideran necesarios.

##### b) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.

Non se consideran necesarios.

##### c) Espazos diferenciados?

Non se consideran necesarios.

##### d) Materiais e recursos didácticos diferenciados?

Non se consideran necesarios.

##### Faise algún desdoblamento de grupos?

Non se consideran necesarios.

##### Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?

Non se consideran necesarios.

##### Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?

Non se consideran necesarios.

##### Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?

O centro non dispón de aula de convivencia.

#### B. CURRICULARES

##### a) Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?

Non se considera necesario.

##### b) Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?

Non se considera necesario.

##### c) Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º da ESO?

Un total de 4 alumnos están exentos de francés e reciben reforzo nas áreas instrumentais

##### d) Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais?

Non se considera necesario.

**e) Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?**

Non hai alumnado repetidor da materia.

**f) Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?**

## **10.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS**

### **A. ORGANIZATIVAS**

**a) Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?**

3.

**b) Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?**

Non.

**c) Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro)?**

Non.

**d) Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?**

Non.

### **B. CURRICULARES**

**a) Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?**

Non.

**b) Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?**

Non.

**c) Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?**

Non.

**d) Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?**

Non.

**e) Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.)**

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En canto ás actividades complementarias, sempre que o horario o permitise, poderían propoñerse talleres de fotografía, debuxo, graffiti, pintura, escultura e gravado. Tamén se poden convocar, concursos de cómics, tratamento de cabazas do Samaín, de máscaras de Entroido, postais de Nadal, participacións na imaxe da revista do centro, etc.

Plantéase a posible participación de un máximo de 20 alumnos no Plan Proxecta “Cinema en Curso”, un programa de pedagogía do cinema que ten un dobre obxectivo: achegar aos rapaces ao cinema coma arte, cultura e creación, e desenvolver as potencias pedagóxicas do cinema nas escolas e institutos, dentro do horario lectivo, con obradoiros impartidos conxuntamente por docentes e un/unha cineasta co grupo de alumnos proposto.

Dentro das actividades extraescolares estarían as visitas a museos de arte, participacións en concursos a nivel provincial, autonómico e nacional, exposicións ou cursiños fóra da zona, etc. Todas as actividades complementarias e extraescolares estarán recollidas na PXA do centro.

Atendendo á situación actual orixinada polo COVID-19 se fomentarán sobre todo as actividades ao aire libre, e aquelas que non requiran un tempo de transporte prolongado, aínda que se terán en conta distintas actividades para ser realizadas en caso de que a situación epidemiolóxica mellore durante o curso.

## 12. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Educación Plástica, Visual e Audiovisual (Plurilingüismo - inglés)	1ºESO	A / B	Mª del Pilar Tabarés Domínguez
Educación Plástica, Visual e Audiovisual (Sección Bilingüe - inglés / Galego)	3ºESO	A / B	Mª del Pilar Tabarés Domínguez
Educación Plástica, Visual e Audiovisual (Galego)	4ºESO	A / B	Mª del Pilar Tabarés Domínguez

13. **RELACIÓN COA RESOLUCIÓN** (Res. 27/7/2015 -DOG 29-)

<b>Elementos</b>	<b>Aspectos</b>	<b>Folla</b>
A	Introdución e aspectos xerais	3
B	Contribución ás competencias básicas	4
C	Contextualización	6
C	Concreción dos obxectivos para o curso	7
D	Concreción para cada estándar	7
	1º- Temporalización	24
	2º- Grao mínimo de consecución	48
	3º- Procedementos e instrumentos av.	24
E	Concrecións metodolóxicas	10
F	Materiais e recursos didácticos	12
G	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	13
H	Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a programación didáctica.	17
I	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendente	22
J	Procedemento acreditación coñecementos previos	13
K	Avaliación inicial e medidas	13
L	Medidas de atención á diversidade	20
M	Concreción de elementos transversais	
N	Actividades complementarias e extraescolares	22
Ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	23

# **ANEXO I**

## **PROGRAMACIÓN E.P.V.A.**

- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**
- AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS**

1º E.S.O. / 3º E.S.O. / 4º E.S.O.

**C.P.I. O CRUCE (CERCEDA, A CORUÑA)**  
**CURSO 2020-2021**

DEPARTAMENTO DE DEBUXO	Mª DEL PILAR TABARÉS DOMÍNGUEZ
------------------------	-----------------------------------



## ÍNDICE (continuación)

---

13. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 1ºESO -----	26
14. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 1ºESO -----	29
15. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 1ºESO -----	31
16. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 1ºESO -----	32
17. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 3ºESO -----	34
18. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 3ºESO -----	37
19. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 3ºESO -----	39
20. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 3ºESO -----	40
21. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 4ºESO -----	41
22. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I - 4ºESO -----	44
23. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS II - 4ºESO -----	45
24. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS III - 4ºESO -----	46
25. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS IV - 4ºESO -----	47

## 14. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN 1ºESO

### 1ª AVALIACIÓN – 1ºESO

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS ±21	
1		B 1.1. Elementos configurativos da imaxe Punto, liña e plano	Presentacións / exercicios	SET/ OUT	6	Presentación traballos
		B 1.2. Apreciación do uso que os/ artistas fan punto, a liña o o plano para aplicalo ás propias composicións				
		B 1.3. O punto como o elemento máis sin na comunicación visual				
		B 1.4. Posibilidades gráficas e expresiva liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.				
		B 1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volumen.				
2	B 1.6.	B 1.6. Elementos de expresión plástica: textura e cor	Presentacións / exercicios	OUT	3	Presentación traballos
	B 1.7.	B 1.7. Composición: elementos				
	B 1.8.	B 1.8. O ritmo na composición				
3	B 1.9.	B 1.9 A cor coma fenómeno físico e visual Mestura aditiva e mestura substractiva	Presentacións / exercicios	OUT/ NOV	5	Presentación Traballos Proba escrita
	B 1.10.	B 1.10. Círculo cromático. Cores complementarias				
4	B 1.11.	B 1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas	Presentacións / exercicios	NOV/ DEC	3	Presentación traballos
5	B 1.12.	B 1.12. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	Presentacións / exercicios	DEC	4	Presentación traballos

### 2ª AVALIACIÓN – 1ºESO

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS ±21	
1	B 2.1.	Imaxe e comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	Presentacións / exercicios	XAN	5	Presentación Traballos Proba escrita
	B 2.2.	Comunicación visual. Símbolos e iconas.				
2	B 2.3.	O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	Presentacións / exercicios	XAN/ FEB	10	Presentación traballos

3	B 2.4.	Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela	Presentacións / exercicios	MAR	6	Presentación traballos
	B 2.5.	Funcións da mensaxes na comunicación Visual e audiovisual				

### 3ª AVALIACIÓN – 1ºESO

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS ±18	
1	B 3.1.	Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares	Presentacións / exercicios	ABR	2	Presentación traballos.
	B 3.2.	Manexo de escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45º				
2	B 3.3.	Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano	Presentacións / exercicios	ABR	4	Presentación traballos
	B 3.4.	Manexo do compás. Dividir circunferencia en dous, catro, seis e oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás				
3	B 3.5.	Ángulos. Clasificación de ángulos e posicións relativas.	Presentacións / exercicios	MAIO	2	Presentación traballos
	B 3.6.	Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.				
	B 3.7.	Realizar operación con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares				
	B 3.8.	Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano				
4	B 3.9.	Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás	Presentacións / Exercicios	MAIO	2	Presentación traballos
	B 3.10.	Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico do plano				
	B 3.11.	Teorema de Thales. Aplicación do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a				

		escala dun polígono				
5	B 3.12.	Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana	Presentacións / Exercicios	MAIO	3	Presentación traballos
	B 3.13.	Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos				
	B 3.14.	Construción de triángulos				
	B 3.15.	Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos				
	B 3.16.	Triángulo rectángulo: características e construción				
6	B 3.17.	Cuadriláteros: clasificación e propiedades	Presentacións / Exercicios	XUÑO	5	Presentación Traballos Proba escrita
	B 3.18.	Construción de cuadriláteros				
	B 3.19.	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación de polígonos				
	B 3.20.	Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia				

15. AVALIACIÓN DE ESTÁNDARES E CONTIDOS I – 1ºESO

BLOQUE 1: EXPRESIÓN PLÁSTICA																	
PESO DO BLOQUE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	TEMAS TRANS-VERSAIS	IDENT. DO CRITERIO	IDENT. DO ESTÁNDAR	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	PESO NA CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS			COMPETENCIAS CLAVE							
							PROBAS OBXECTIVAS	PRODUCTOS	OBSERVACION	CCL	CMCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	
33%	50%	Poderán traballarse todos os que reflicte o currículo	B 1.1.	EPVA B1.1.1.	EPVA B1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas	2%		50%	50%						10%		
			B 1.2.	EPVA B1.2.1.	EPVA B1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creación gráfico-plásticas	2%		50%	50%				20%				
				EPVA B1.2.2.	EPVA B1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea	5%		80%	20%						14%		
				EPVA B1.2.3.	EPVA B1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posición do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas	10%		80%	20%							10%	
			B 1.3.	EPVA B1.3.1.	EPVA B1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.)	10%		80%	20%	12%							
			B 1.4.	EPVA B1.4.1.	EPVA B1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e gráficamente, o esquema compositivos básicos de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo	2%		80%	20%	12%							
				EPVA B1.4.2.	EPVA B1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito	10%		50%	50%							14%	
				EPVA B1.4.3.	EPVA B1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo	5%		80%	20%							14%	10%
				EPVA B1.4.4.	EPVA B1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito	5%		70%	30%								10%

			B 1.5.	EPVA B1.5.1.	EPVA B1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias	5%	20%	60%	20%					16%			
			B 1.6.	EPVA B1.6.1.	EPVA B1.6.1. Transcribe texturas táctiles e texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas	5%		80%	20%						14%		
		B 1.7.		EPVA B1.7.1.	EPVA B1.7.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade	5%		80%	20%	12%							
				EPVA B1.7.2.	EPVA B1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas	5%		80%	20%					16%			
